



Facultade de Ciencias da Educación
Departamento de Psicoloxía

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Mestrado
Universitario
en
Psicoloxía
Aplicada



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

ÍNDICE

1. Definición.....	1
2. Misión	2
3. Visión	2
4. Obxectivos	2
5. Actividades.....	3
5.1. Acollida	3
5.2. Presentación das materias	4
5.3. Titorización académica	4
5.4. Orientación académica ou profesional	4
5.5. Actividades formativas	5
6. Aplicación	5
7. Funcións do profesorado-titor.....	6
8. Tarefas profesorado-titor.....	6
9. Coordinación.....	6
10. Avaliación do Plan.....	7
Anexo: Relación de accións de orientación ao alumnado (mínimo para cada curso académico)	8

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1. Definición

O Plan De Acción Tutorial (PAT) é o documento marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías. Nel inclúese, entre outros extremos a Misión, a Visión e os obxectivos e liñas de actuación atinentes á titoría universitaria que se desenvolverán ao longo do curso académico.

A titoría enmárcase dentro das competencias docentes do profesorado, sendo un elemento básico no marco do Espazo Europeo de Educación Superior, pois supón un medio para estimular, guiar, apoiar e avaliar o traballo autónomo do alumnado, medido en créditos ECTS, así como a súa aprendizaxe e o seu desenvolvemento integral. Cabe, polo tanto, afirmar que a titoría constituirá en breve un elemento crave de calidade da educación superior.

Dado que o crédito europeo implica unha importante carga de traballo autónomo o labor do/a titor/a adquire unha gran relevancia para alcanzar e guiar a aprendizaxe do alumnado. Doutra banda, ese labor é altamente conveniente a efectos de aproveitar o período de formación do/a estudante para brindarlle unha atención personalizada axustada as súas circunstancias, necesidades e características, de xeito que lle permita sentar as bases da súa aprendizaxe ao longo do tempo. Nesta liña, outra das aspiracións do Modelo de Ensino Superior Europeo é a aprendizaxe integral, de maneira que o/a estudante non limite as súas capacidades á competencia memorística senón que desenvolva as súas competencias de modo integral -intelectual, profesional e humano- para que poidan verse satisfeitas as demandas que comportan unha formación completa.

Desde a literatura científica considérase que os ámbitos que abarca unha formación integral son os seguintes:

- Académico: referido a aspectos da vida universitaria, como plans de estudo, elección de materias, ...
- Profesional: relacionado coa preparación e desempeño dun traballo.
- Persoal: relacionado con cuestións de índole psicolóxica, persoais, familiares, emocionais, afectivas e de educación en valores.

- Social: relativo a cuestións como información sobre axudas e servizos de organismos ou fundacións privadas ou públicas, nacionais ou internacionais.
- Administrativo: referente a temas como información sobre requisitos administrativos, matriculación, validacións, ...

2. Misión

A misión do Plan de Acción Tutorial do Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada é elevar a calidade do proceso educativo propiciando a relación entre profesorado e alumnado, favorecendo a súa integración na institución, o desenvolvemento de habilidades para o estudo e o traballo, o apoio académico e a orientación do/a estudante.

3. Visión

O Plan de Acción Tutorial deberá potenciar o apoio continuo aos profesores e estudantes participantes. Este plan estará orientado á formación e desenvolvemento de habilidades necesarias para desenvolver as funcións titoriais complementarias ás actividades docentes do profesorado fomentando a súa participación e á formación integral do/a estudante ao longo da súa carreira académica.).

4. Obxectivos

A acción tutorial que se expón ten un carácter fundamentalmente de orientación xeral, considerándose que as titorías de formación das distintas materias forman parte integral das mesmas e deben ser abordadas como un aspecto máis da función docente. A consecución destes obxectivos principais pasa inevitablemente por un coñecemento preciso das dificultades e problemas que se lle expón aos alumnos durante os seus estudos, así como o establecemento de mecanismos que permitan a súa resolución ou que, polo menos, proporcionen unha orientación ao alumno que lle permita tomar a decisión que lle resulte máis conveniente.

Dun xeito máis específico, os obxectivos do Plan de Acción Tutorial deben centrarse en:

1. Facilitar a adaptación e o coñecemento do alumnado acerca da estrutura e dinámica de funcionamento da Facultade de Ciencias da Educación da UDC e do Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada.
2. Dar información sobre os servizos e posibilidades que ofrece a Universidade da Coruña
3. Dar información sobre os procesos e normativas que afecten ao alumnado
4. Facilitar a integración dos alumnos no mestrado
5. Orientar ao alumnado nos seus estudos e no seu proceso de aprendizaxe para favorecer o seu rendemento académico
6. Favorecer no alumnado a reflexión, o diálogo, a aprendizaxe autónoma, a participación na institución e o aproveitamento de recursos formativos.
7. Promover a responsabilidade e o compromiso persoal do/a estudante cara á súa formación académica
8. Supervisar os resultados académicos que vai alcanzando o/a estudante
9. Axudar ao/á estudante na adecuada xestión das súas materias curriculares
10. Asesorar para elaborar o currículo persoal, axudar a clarificar os seus intereses investigadores e profesionais, a ampliar expectativas, e a madurar o proxecto investigador de cara ao doutoramento, de acordo ao seu campo de estudos
11. Colaborar a mellorar o nivel de formación xeral do alumnado

5. Accións de orientación ao alumnado

5.1. Acollida

O responsable do mestrado organizará actividades que permitan cumprir os obxectivos 1-4 xa mencionados. Concretamente, na xornada inicial de acollida falarase de:

- Organización xeral do Mestrado, académica (obxectivos, competencias, módulos e materias, Tralaballo de fin de mestrado) e administrativa (departamentos responsables, composición e funcións da Comisión académica).
- Organización de horarios e de espazos
- Avaliación (consideracións xerais, número de convocatorias, regulamentos) e Tralaballo de fin de mestrado.
- A web da titulación como fonte de información principal para o alumnado.

- Estrutura do edificio, instalacións e dependencias (biblioteca, aulas net e zonas de estudo.
- Servizos de interese: Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudantado (SAPE), Servizo de Orientación Educativa e Psicolóxica, Unidade de Atención á Diversidade, Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego, Centro de Linguas, Aula de Formación Informática, CUFIE, outras bibliotecas e aulas de estudo, pavillón de deportes.
- Transporte Universitario.

5.2. Presentación das materias

De cara a cumprir con obxectivo 5, no seu primeiro día de clase, os docentes presentarán a materia que imparten, informando dos aspectos máis relevantes recollidos nas guías docentes informatizadas: contidos fundamentais, a materia no contexto da titulación (xustificación, competencias), organización da materia (metodoloxía, criterios de avaliación, elaboración e presentación de traballos), así como das súas expectativas respecto ao desenrolo do curso.

5.3. Titorización académica

A titorización académica consiste na asignación dun/ha titor/a a cada estudante e na realización dunha serie de entrevistas entre ambos. Nesas entrevistas os/as titores/as deben abordar principalmente os obxectivos 5-9 e, ante outro tipo de cuestións que poidan exporse nelas, poden dirixir ao alumno ó organismo ou servizo adecuado. Preferentemente, o/a titor/a será tamén o/a director/a do Traballo de fin de mestrado. Realizarase un mínimo de tres reunións por curso académico, distribuídas ao comezo e fin do primeiro cuatrimestre e ao fin do segundo cuatrimestre. Se as reunións non fosen solicitadas polo/a estudante, será responsabilidade do/a titor/a promover a súa celebración (aínda que as comunicacións por correo electrónico ou outro procedemento non-presencial poderán substituír as reunións).

5.4. Orientación académica ou profesional

Para cumprir o obxectivo 10, a coordinación do mestrado organizará charlas sobre o desenrolo de traballos de investigación, propiciando a participación de investigadores de diferentes orientacións en sesións informativas. Tamén promoverá e facilitará, o acceso a os programas de doutoramento dos dous departamentos implicados no mestrado levando a cabo un seminario/obradoiro sobre a continuación dos estudos. No relativo á orientación profesional, e aínda que se trata dun mestrado con perfil investigador, cada curso valorarase la

oportunidade, segundo o interese e disposición do alumnado, de facer un obradoiro sobre elaboración e presentación de currículo e sobre a realización de entrevistas de traballo. Ademais, darase especial cobertura e difusión ás actividades que desenvolva a Unidade de Emprego da UDC, integrada no Servizo de Atención e Promoción do Estudante (SAPE).

5.5. Actividades formativas

De cara a colaborar na mellora do nivel de formación xeral do alumnado (obxectivo 11), sempre segundo o seu interese e disposición, e de acordo con posibles carencias que se vaian detectando, se realizarán actividades formativas de carácter transversal.

Dentro destas actividades, e dado que desde a Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación ofrécese a posibilidade de facer obradoiros para estudantes sobre distintas temáticas, a principio de curso, en coordinación co persoal da Biblioteca, desenrolarase ao menos unha xornada específica de orientación que incluírá cuestións tanto básicas (registro de usuarios, consulta do catálogo, préstamo) como máis específicas para o alumnado dun mestrado de investigación (análise e definición das necesidades de información, acceso á información en liña, recursos electrónicos da biblioteca, organización e presentación da información mediante xestores de referencias bibliográficas, repositorios dixitais). Outra actividade destacable que se ten detectada como necesaria e a repetir anualmente, é o Curso de introdución ao SPSS, encamiñada a ensinar a usar o SPSS (licenza campus UDC): arranque; menú e axudas; creación, manipulación e gravación de datos; análises básicas; xeración e uso de resultados, táboas e gráficos.

Tamén terán a consideración de actividades formativas a lección inaugural e os ciclos de conferencias, en tanto que abren perspectivas, mostran liñas de investigación e favorecen o debate, sobre todo da cara á continuación dos estudos nun programa de doutoramento.

6. Aplicación

- Este Plan de Acción Tutorial aplicarase ao Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada, sen prexuízo de que a Facultade ou a Universidade podan confeccionar un de aplicación xeral.
- O/A titor/a, será asignado pola Comisión Académica do mestrado para un curso académico completo (dous se o/a alumno/a estuda a tempo parcial)

- Todo o profesorado con docencia no Mestrado poderá ser titor/a. Os/as tutores serán os profesores adscritos ó mestrado. Os responsables da tutoría do alumnado serán os departamentos con docencia no mestrado.
- A cada estudante asignaráselle un titor no segundo mes desde o comezo do curso, de xeito que xa se coñezan os intereses e características do alumnado antes da asignación. Mentres tanto, o labor de tutoría será atendido directamente polo/a coordinador/a.
- Calquera problema que poida xurdir entre o titor e os seus alumnos deberá ser comunicado ao/á coordinador/a do PAT. La responsabilidade da solución será da Comisión Académica, que tomará as medidas que estime oportunas oídas as partes.

7. Funcións do profesorado-titor

- Función informativa
- Función de seguimento e de intervención formativa
- Función de orientación

8. Tarefas profesorado-titor

- Participar na elaboración e desenvolvemento do PAT.
- Recoller información do alumnado tutelado e facer un seguimento do seu proceso de adaptación á vida universitaria.
 - Orientar e asesorar aos estudantes sobre o seu proceso de aprendizaxe e sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

9. Coordinación

O/A coordinador/a do PAT será o/a do mestrado, que desenvolverá a coordinación coa colaboración da Comisión Académica

As funcións do coordinador serán:

- Coordinar ao conxunto de profesores-tutores participantes no PAT de cada curso académico
- Establecer criterios de actuación comúns
- Expor e discutir situacións xurdidas ao longo da posta a punto do PAT
- Propoñer novas accións

Tanto o alumnado como o profesorado-titor poderán recorrer ao/á coordinador/a se se presentan problemas no desenvolvemento da titorización.

10. Avaliación do Plan

De non facer a Universidade unha avaliación xeral dos Plans de acción tutorial, corresponderalle ao/á coordinador/a achegar aos titores e estudantes un modelo estandarizado de Informe, cuestionarios ou enquisas para a súa avaliación do PAT. La elaboración e aprobación da Memoria do PAT de cada curso corresponderá á Comisión Académica.

Anexo: Relación de accións de orientación ao alumnado (mínimo para cada curso académico)

Accións	Obxectivos	Destinatarios	Responsables	Recursos asociados	Indicadores de seguimento
1. Plan de acción tutorial	1. Orientar o alumnado na súa vida académica ao longo do curso. 2. Ofrecer información, formación e orientación personalizada a nivel académico, socio-profesional e administrativo.	Alumnado	Coordinadora	Los propios del Plan	% de estudantes efectivamente titorizados
2. Lección inaugural	1. Abrirlle perspectivas, mostrarlle liñas de investigación e favorecer o debate do alumnado. 2. Promover o mestrado.	Alumnado e público en xeral	Coordinadora	Recursos audiovisuais (ordenador, canón de vídeo, conexión a internet) do Salón de Actos ou de Graos.	- % de estudantes - Nº de asistentes
3. Xornada de acollida e presentación curso	Informar o alumnado sobre os aspectos esenciais do mestrado, de acordo co previsto no PAT.	Alumnado	Coordinadora	Recursos audiovisuais (ordenador, canón de vídeo, conexión a internet), web da titulación, aplicación informática de guías docentes.	% de estudantes
4. Visita ás instalacións da Facultade	Dar a coñecer as instalacións e dependencias da Facultade ao alumnado procedente doutros centros. Especialmente: biblioteca, aulas-net, zonas profesorado e administración, cafetería.	Alumnado	Coordinadora	Coordinación co PAS, especialmente de Biblioteca.	% de estudantes

<p>5. Semana de orientación académica 1er. cuatrimestre</p>	<p>Informar dos aspectos máis relevantes das materias, recollidos nas guías docentes informatizadas: contidos fundamentais, a materia no contexto da titulación (xustificación, competencias), organización da materia (metodoloxía, criterios de avaliación, elaboración e presentación de traballos), así como das expectativas do profesorado respecto ao desenrolo do curso.</p>	<p>Alumnado</p>	<p>Profesorado do primeiro cuatrimestre</p>	<p>Recursos audiovisuais (ordenador, canón de vídeo, conexión a internet), web da titulación, aplicación informática de guías docentes.</p>	<p>% de estudantes</p>
<p>6. Curso de formación en fontes de información</p>	<p>Xornada de orientación sobre cuestións tanto básicas (registro de usuarios, consulta do catálogo, préstamo) como específicas para o alumnado do mestrado (análise e definición das necesidades de información, acceso á información en liña, recursos electrónicos da biblioteca, organización e presentación da información mediante xestores de referencias bibliográficas, repositorios dixitais).</p>	<p>Alumnado</p>	<p>Coordinadora / Persoal da Biblioteca</p>	<p>Os da Biblioteca da Facultade.</p>	<p>% de estudantes</p>

7. Curso de introdución ao SPSS	Ensinar a usar o SPSS (licenza campus UDC): arranque; menús e axudas; creación, manipulación e gravación de datos; análises básicas; xeración e uso de resultados, táboas e gráficos.	Alumnado	Coordinadora	Recursos audiovisuais (ordenador, canón de vídeo, conexión a internet) da Aula Multimedia.	
8. Reunión de avaliación do primeiro cuadrimestre	Avaliación do primeiro cuadrimestre: puntos fortes, puntos débiles, propostas de mellora)	Alumnado	Coordinadora		% de estudantes
9. Reunións de orientación para o Traballo de fin de mestrado	Orientar ao alumnado para a elaboración do seu proxecto de Traballo de fin de mestrado	Alumnado	Coordinadora / Directores/as dos TFM	Recursos audiovisuais (ordenador, canón de vídeo, conexión a internet), web da titulación.	% de estudantes con TFM matriculado
10. Semana de orientación académica 2do. cuadrimestre	Informar dos aspectos máis relevantes das materias, recollidos nas guías docentes informatizadas: contidos fundamentais, a materia no contexto da titulación (xustificación, competencias), organización da materia (metodoloxía, criterios de avaliación, elaboración e presentación de traballos), así como das expectativas do profesorado respecto ao desenrolo do curso.	Alumnado	Profesorado do segundo cuadrimestre	Recursos audiovisuais (ordenador, canón de vídeo, conexión a internet), web da titulación, aplicación informática de guías docentes.	% de estudantes
11. Reunión de avaliación do segundo cuadrimestre	Avaliación do curso (puntos fortes, puntos débiles, propostas de mellora)	Alumnado	Coordinadora		% de estudantes

12. Xornada de despedida	<ul style="list-style-type: none"> - Consolidar as relacións entre estudantes e profesorado, de cara a futuros traballos ou actividades en común (p. ex.: doutorado). - Pasar un grato agradable unha vez finalizadas as actividades reguladas. 	Alumnado e profesorado	Coordinadora	"Pincho" de fin de curso	% de estudantes e docentes
--------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------	--------------	--------------------------	----------------------------